



CONCELLO DE AGOLADA

Memoria xustificativa

Expediente: 32/2019

Asunto: Plan de mellora de camiños municipais 2019/2020

(Publicarase no perfil do contratante – artigo 63.3.a) da LCSP)

1 Situación actual

Necesidades: intervencións de reparación e mellora de camiños municipais de acceso e servizo a explotacións agro gandeiras do Concello de Agolada, de gran intensidade de uso e necesitadas de diversas actuacións.

Obxectivos: mellora do servizo de acceso e comunicacións a través da rede de camiños municipais estratéxicos para a vida cotidiá da veciñanza, intervindo mediante á súa mellora e mantemento. De mellora, tendo en conta, as características do tráfico rodado que soportan, como da seguridade das vías, é necesario o reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas mas axeitadas, e de mantemento, tanto do firme existente como das marxes, mediante escarificación e compactado, arranxo de múltiples fochas, tratamentos superficiais, limpeza e perfilado de cunetas para a recollida de augas.

2 Obxecto do contrato

Descrición: Plan de mellora de camiños municipais 2019/2020 en Agolada

Informes técnicos necesarios: consultáronse as características técnicas de diversos equipamentos existentes no mercado que cumpren os requisitos e características esixidos para tramitar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a axuda económica outorgada.

3 Consideracións técnicas

Requirimentos dos licitadores a considerar no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

4 Consideracións económicas

a) Estudio de mercado

Efectuáronse consultas previas con entidades especializadas no ramo, para a tramitación da axuda económica, o que permitiu establecer o mellor procedemento a





CONCELLO DE AGOLADA

implementar para a tipoloxía de actuación a acometer e o prezo das obras, garantindo así a concorrencia competitiva dos licitadores

b) Valor estimado

A valoración estimada do contrato, tendo en conta os valores habituais do mercado, ascende a 72.809,89 € (IVE excluído)

c) Financiación

Conforme á concesión de subvención do AGADER, o cadro de financiación é:

Exercicio	AGADER	Concello de Agolada	Total
2019	36.405,000 €	7.644,985 €	44.049,985 €
2020	36.405,000 €	7.644,985 €	44.049,985 €
TOTAL	72.810,000 €	15.289,970 €	88.099,970 €

d) Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

A actuación non supón un aumento da rede de camiños rurais, polo que o seu impacto en cato a labores de conservación e/ou mantemento será inapreciable. Por outra parte, a intervención proposta reducirá os costes de mantemento en aqueles tramos que, unha vez reforzados, reducirán considerablemente o seu deterioro e, en consecuencia, o seu mantemento futuro.

5 Procedemento

a) Cualificación do contrato

Segundo a normativa de contratación vixente, o contrato cualifícase como contrato de obras

b) Xustificación do procedemento

De conformidade co artigo 159.1 da LCSP, os órganos de contratación poderán acordar a utilización do procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando se cumpran estas dúas condicións:

- Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 €





CONCELLO DE AGOLADA

- Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor o, de habelos, a súa ponderación non supere o 25% do total.

Dado que se cumpren ambos criterios, considérase axeitado o procedemento elixido.

c) Execución por lotes

Non procede a execución por lotes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico.

d) Duración do contrato

2 meses

6 Conclusións

Polo expresado, considérase xustificada a necesidade de tramitar o procedemento de contratación da prestación cuxo obxecto exprésase polo procedemento sinalado

Agolada, 2 de setembro de 2019

Luís Calvo Miguélez

Alcalde

